

Acta da Comisión Permanente do día 11 de setembro de 2019

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 11/09/2019.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 11/09/2019.
- III. Recoñecementos de materias/créditos
- IV. Solicitudes de matrícula a tempo parcial

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas e 2 minutos na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 11 de xullo de 2019 e extraordinaria celebrada o 31 de xullo de 2019.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, as actas das sesións anteriores: ordinaria celebrada o 11 de xullo de 2019 e extraordinaria celebrada o 31 de xullo de 2019.

2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.

Presentáronse, por parte de tres estudantes, as solicitudes de recoñecemento que se detallan no anexo III.

Fernando García pregunta se estas solicitudes non se envían aos departamentos para o seu estudo. A Directora responde que cando se trata de materias de formación básica, mesmo ámbito, nome e número de créditos o recoñecemento é automático.

No caso da solicitude presentada por un alumno procedente da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago, o ámbito é diferente pero, unha vez comparados os programas das materias, a Dirección considera que é un caso equivalente e propón tratalo así. A Comisión aproba o recoñecemento da materia por asentimento.

En relación á solicitude dun alumno que procede da Escola de Telecomunicación, que solicita o recoñecemento de tres materias, a Directora comenta que o recoñecemento de dúas delas podería ser automático pero que, como cambian os nomes, hai que sometelo á decisión da Comisión. Aclara que a correspondencia entre materias é clara. A Comisión aproba o recoñecemento de ambas por asentimento. O recoñecemento da outra materia non procede porque a materia cursada polo alumno, "Informática: Arquitectura de ordenadores", non inclúe a estatística, que é parte maioritaria da materia de destino. Rexéitase por asentimento a solicitude de recoñecemento.

O último caso é un alumno titulado no Grao en Enxeñaría da Enerxía que solicita o recoñecemento de dúas materias obrigatorias do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos por dúas materias optativas que cursou. A Directora explica que no caso de “Xestión de obras e replanteos” a correspondencia é clara. A Comisión aproba o recoñecemento da materia por asentimento. No caso de “Explotación sostible de recursos I”, logo de consultar aos profesores que as imparten, a Directora propón rexeitar a solicitude de recoñecemento xa que na materia cursada non se cubre unha parte importante da materia de destino. Rexéitase por asentimento a solicitude de recoñecemento.

Este mesmo estudante solicitou o recoñecemento de créditos optativos como prácticas en empresa en base á súa experiencia laboral. Decídese informarlle do procedemento para tramitar correctamente a súa solicitude.

No anexo III recóllense as decisións tomadas pola Comisión respecto á estimación ou denegación dos recoñecementos solicitados.

3. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.

Presentáronse catro solicitudes de matrícula a tempo parcial, que cumpren os requisitos que marca a normativa, polo que a Comisión acorda, por asentimento, conceder a matrícula a tempo parcial aos catro solicitantes.

A Directora comenta que, a proposta da Área de Estudos de Grao do centro, en previsión de que se presente algunha solicitude máis, para poder resolvelas o máis rapidamente posible, a Comisión podería delegar na Dirección a autorización de matrícula a tempo parcial no presente curso, no caso de que a solicitude cumpra a normativa da Universidade. Apróbase por asentimento a delegación na Dirección.

4. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 18 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a once de setembro de dous mil dezanove.

Vº e Prace
A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 11/09/2019



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 11/09/2019

Asistentes á Comisión Permanente do 11 de setembro de 2019
Presidenta da Comisión
Elena Alonso Prieto
Secretario da Comisión
Guillermo García Lomba
Subdirector/a
María Araújo Fernández
Profesorado
Fernando Gracia Bastante
Alfonso Mandado Vázquez
Carmen Pérez Pérez
ESTUDANTES
Laura Andrés Herguedas
Marta Caride Pérez
PAS
M ^a Carmen Romo Pérez

Desculpa a súa ausencia Teresa Rivas Brea.



ANEXO III

Recoñecementos de materias/créditos



ANEXO IV

Solicitudes de matrícula a tempo parcial